



PROBAS SELECTIVAS PARA O INGRESO NA ESCALA DE TÉCNICO/A DE GRAO MEDIO EN RELACIÓNS INTERNACIONAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (SUBGRUPO A2), CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN DO 20/08/2018

Nivel Celga 4. Competencias (comprensión oral e escrita) (expresión oral e escrita) *Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG do 30/07/2007)*

1. A persoa que supere o Celga 4 será capaz de comprender unha ampla variedade de textos orais e escritos extensos e cun alto nivel de dificultade.
2. Poderá expresarse de forma bastante fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos (persoal, público e académico), sen mostrar moita dificultade para encontrar as expresións máis axeitadas.
3. Será capaz de producir textos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade e para distintos fins.
4. Mostrará un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica, así como dos mecanismos máis comúns de organización e cohesión textual.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

De acordo coas competencias esixidas para o nivel equivalente a Celga 4, establécense os seguintes criterios de corrección para as probas:

Expresión escrita:

- Adecuación. Valórase a resolución correcta da actividade, sen faltas. Débese utilizar un rexistro adecuado e axustar o texto ao formato textual que se pida.
- Cohesión e coherencia. Valórase a claridade expositiva: presentación da información e das ideas de forma clara e organizada. Dominio dos conectores discursivos e da organización dos enunciados. Uso adecuado dos signos de puntuación e das maiúsculas e minúsculas. Coñecemento de siglas e abreviaturas. Emprego das formas verbais e construción de oracións.
- Gramática. Neste parámetro valórase o grao de corrección gramatical, tanto de ortografía como de acentuación, que deberá ser elevado. Así mesmo, o coñecemento da norma e as estruturas morfosintácticas, o que leva consigo a ausencia de erros morfolóxicos, sintácticos e ortográficos.
- Léxico. Valórase o dominio, a precisión e a riqueza léxica. É preciso, por tanto, empregar estruturas moi variadas e usar un vocabulario correcto, preciso, con ampla gama e coñecemento de termos de linguaxe especializada.